
A LENDA DO SANTO BEBEDOR

Texto de JOSEPH ROTH

Tradución e posfacio de LAUREANO ARAUJO

Ilustración de portada de ADRIÀ FRUITÓS

Encadernación rústica. 13,5 x 20,5 cm. 88 páx. 13 €
ISBN 978-84-16721-96-2. Lecturas expertas. Narrativa K.


O home vagabundo e visiblemente desleixado cambaleaba un pouco. Non parecía reparar no señor entrado en anos e ben vestido. Pero este, que non cambaleaba en absoluto, senón que dirixía os seus pasos segura e directamente cara ao cambaleante, xa reparara nel, polo visto, desde lonxe. O señor de idade madura cortoulle decididamente o camiño ao home desleixado. Ambos os dous quedaron parados fronte a fronte.

–A onde vai, irmán? –preguntou o señor entrado en anos e ben vestido. O outro ollouno un momento e despois dixo: –Non sabía eu que tivese un irmán, e non sei a onde me leva o camiño.

–Vou intentar mostrarlle o camiño –dixo o señor–. Pero non se me enfadará se lle pido que me faga un favor inusual...

Publicada por primeira vez en 1939, meses despois da morte en París de Joseph Roth, onde vivía exiliado, «A lenda do santo bebedor» está considerada o testamento literario de quen foi un dos narradores centroeuropeos máis admirados do século XX. André Kartak, é un *clochard* orixinario -como Roth- das provincias orientais do Imperio austrohúngaro. Unha noite atopa, baixo as pontes do Sena, un enigmático home traxeado que lle ofrece douscentos francos coa única condición de que no futuro llos entregue en doazón ao cura dunha capela. Dende entón a súa vida será un continuo achegarse e perderse no camiño -entre vellos amigos, antigas amantes e borracheiras- para cumprir o seu imposible compromiso. Non hai afán didactista na novela; simplemente se trata de gozar da lectura, das idas e das voltas deste entrañable vagabundo.

A dispersión que marcou a vida do autor -sobre todo nos seus derradeiros anos en París, preso do alcohol e esquecido por case todo o mundo- plásmase no protagonista, un home alleo á sociedade, coa única compañía dos recordos. De Roth sobresa a sinxeleza e a claridade da súa prosa transparente e brillante, con novelas de gran mestría escritas sen artificios. Nesta historia que discorre entre a fábula e a parodia hai unha lucidez extrema; a de quen toma a súa dose de alcohol e aínda non está bébedo. Non é ningún anxo o cabaleiro que se presenta aquela primavera de 1934 nas pontes de París, nin hai nada sobrenatural no relato: é André ese anxo xeneroso e honrado que, na súa inocencia, parece posuír toda a tenrura e a bondade do mundo.



- **Temática:** peripecias dun *clochard* en París.
- **Destinatarios:** lectores adultos.
- **Aspectos destacables:** alcoholismo; préstamos, sentido da honra, inocencia; relixión; adaptación cinematográfica de 1988 dirixida por Ermanno Olmi (mellor película no Festival de Venecia e nos premios David di Donatello).
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/a-lenda-do-santo-bebedor-g>

Joseph Roth

(Brody, 1894 - París, 1939)

De pais xudeus e oriundo dun pobo situado no que antano era a rexión austrohúngara de Galitzia, actualmente entre Polonia e Ucraína, comezou os seus estudos universitarios en Lviv e Berlín, pero abandonounos en 1916 para alistarse como voluntario no exército austrohúngaro durante a I Guerra Mundial, unha experiencia que, xunto á desaparición do Imperio, marcou o sentimento nostáxico e apátrida que acompañou a súa obra. Traballou como xornalista e correspondente en Viena e Berlín e acadou moita sona coas súas novelas, entre as que destacan «A marcha Radetzky», «A cripta dos capuchinos», «Confesión dun asasino»... En 1933, coa chegada de Hitler ao poder, exiliouse de Alemaña para vivir en diversas cidades europeas ata que se estableceu en París. Pasou os seus derradeiros anos arruinado, incapaz de devolver os préstamos dos seus amigos, entre eles, Stefan Zweig. Estaba alcoholizado e enfermo, fora vetado polos editores en lingua alemá -para os que antano fora unha estrela- e a súa maior preocupación era xuntar cartos para manter a súa dona, ingresada nun sanatorio mental. Boa parte da súa obra literaria perdeuse cando foi arrestada polos nazis a muller que conservaba o seu arquivo.